

DOMINGOS DO PRINCIPAL

desenho: evopublicidade.com

Escanea o QR para descargar o PROGRAMA



Concello de Pontevedra



REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Coordinado por:



VENDA ANTICIPADA

Venda anticipada ata esgotar as localidades

Ataquilla

OS DOMINGOS NO TEATRO PRINCIPAL

Entrada única: 4,00€

Abono 4 funcións: 12,00€

(máis gastos de tramitación)

Billeiteira aberta 1 hora antes de cada función

ABONOS

Podes mercar o teu abono exclusivamente por internet.

Poderás escoller entre dous tipos de abono:

- 1) Abono de mañá: Darache acceso ao pase matinal das 12:00 h nas 4 funcións do Teatro Principal.
- 2) Abono de tarde: Darache acceso ao pase de tarde das 18:30 h nas 4 funcións do Teatro Principal.



DOBRE FUNCIÓN

12:00 e 18:30 h

Ten en conta que para acceder ao recinto cada espectador debe ter unha entrada, independentemente da súa idade e de se ocupa ou non butaca. Neste folleto poderás consultar a idade mínima recomendada para cada función.

BUTACAS

As funcións de Domingos do Principal teñen as butacas numeradas.

DOMINGOS DO PRINCIPAL

TEATRO PARA TODA A FAMILIA

DO 2 AO 23 DE FEBREIRO DE 2025

1



2



3



4



Domingo 2 de febreiro • Teatro Principal • 12:00 e 18:30 h

SOLO

Roi Borrallas (Galiza /Cataluña)

Un pallaso ten que estar no palco, co seu público. Mais, que acontece cando queda só? É no camarín onde se mesturan persoa e personaxe. Onde se desfigura a liña que os separa. Un limbo que non é o escenario nin a vida real.

É nesa fronteira onde ten lugar este espectáculo... Pasen e vexan a traseira deste artista, as súas ideas e tolemias, o que ninguén ve, un pallaso cando ninguén o observa.

- Premio Fetén 2023 ao Mellor Intérprete
- Premio Zirkolika 2022 ao Mellor Espectáculo De Pallasos
- Premio da Crítica ao Mellor Espectáculo Nacional de Circo 2024
- Premio da Crítica seleccionado para Mellor Espectáculo Familia 2024

Clown

Duración: 45 minutos

Recomendado a partir de 8 anos e público adulto

Domingo 9 de febreiro • Teatro Principal • 12:00 e 18:30 h

PUM, PUM. QUEN HAI?

ÁRTIKA Cía (Galiza)

Descobre a maxia dunha aldea galega onde cada día é un xogo. Pum! Pum! Quen hai? É unha comedia musical que nos introduce na vida de Gaia, unha nena espelida que nos guía a través dos xogos tradicionais do seu pobo. Xunto a personaxes tan carismáticos como tía Maruxa e don Rosmón, Gaia desafia os segredos das portas veciñas, enredando a todos nunha aventura de risas e revelacións.

Cando aparecen novos e misteriosos veciños, o pobo enfróntase aos seus medos cunha serie de equívocos cómicos que nos lembran a importancia da aceptación e a diversidade.

Comedia musical

Duración: 45 minutos

Recomendado a partir de 4 anos

Domingo 16 de febreiro • Teatro Principal • 12:00 e 18:30 h

KIYOKI

Elefante Elegante (Galiza)

KYOKI aborda a temática do esquecemento, da vellez e da soidade.

KYOKI é unha ollada cómplice, reflexiva e sensible ás experiencias que viven tanto as persoas que precisan ser coidadas, como as propias coidadoras.

A través dunha linguaxe xestual fundamentada na manipulación de obxectos e na interacción constante co dispositivo escénico, o espectáculo crea un universo cómico e poético que viaxa do realismo á hipérbole da vida cotiá.

Teatro xestual, monicreques, maxia e música

Duración: 45 minutos

Recomendado a partir de 6 anos e público adulto

Domingo 23 de febreiro • Teatro Principal • 12:00 e 18:30 h

BLANCANIEVES

La Chana Teatro (Salamanca)

Espectáculo en verso que interpreta o conto dotando de humor e poesía visual e literaria, no que os protagonistas son representados por lámpadas e candelabros. Un auténtico xogo de volumes e tamaños.

- Premio Max ao Mellor Espectáculo Infantil, Xuvenil ou para Público Familiar 2023
- Premio do Público ao Mellor Espectáculo Infantil na Feira de Teatro de Castela e León 2020
- Premio Titirimurcia ao Mellor Espectáculo 2021
- Premio ao Mellor Espectáculo do Festival Parque de las Marionetas de Zaragoza 2023

Teatro de obxectos

Duración: 60 minutos

Recomendado partir de 6 anos e público adulto